

Lourenço Cruz

No ano 1977, no seo dunha familia de músicos, nace en Francia Lourenço Filipe da Silva Cruz, xoven director que ten o seu primeiro contacto ca trompeta en 1994, aos dezasete anos. Nembargantes a súa tardanza, acadou brillantemente o título Superior nese instrumento e en Música de Cámara nos centros: "Escola profesional de Música de Viana do Castelo" nos "Conservatorios de Música de Vigo e Madrid" e no "Conservatorio Regional de Nantes".

Traballou con profesores da talla de Jorge Almeida, Carlos Beneto, Luis González, José Ortí Fred Mills, Javier Simo, Marc Ullrich, Jean Marc Metz, Andre Henry, Charles Butter, Kevin Valdrón... e ten participado en numerosos seminarios e cursillos de Harmonía, de Acústica, de Pedagogía Musical, de Anatomía e Fisioloxía da respiración, de Música de cámara do século XX, de Dirección de Orquestra Banda e Coro, etc. etc.

Entre outras colaboracións, actuou convidado en numerosas ocasións e con distintas orquestras como a Orquestra Sinfónica de Viana do Castelo, a Orchestre de Harmonie Ville Saint Luce Nantes, a Orquestra Académica de Oporto, Orquestra de sopros de Guimaraes, a Orquestra Filarmónica de Vila Real, a Real Filharmonía de Galicia (na que gañou por concurso a beca para a Escola de Altos estudos de Galicia), a Orquestra Nacional dos Templarios de Tomar (na que obtivo praza de solista por concurso público) e outras moitas.

Estivo como Director Artístico da Banda Xuvenil e Cultural de Teo e da Banda de Música de Chapela, ca que acadou varios premios en concursos de carácter nacional.

Na actualidade estuda dirección de Orquestra e Banda en Francia co maestro Julien Mascuty. É fundador e Director Artístico do Proxecto de Banda Sinfónica Minho-Galaica ca que ten dado varios concertos en distintas cidades de España e Portugal, é asimismo Director da Escola de Música e Director da Banda de Música Municipal de Ribadeo.

PROGRAMA

Arsenal *Jan Van der Roost*

A little concert suit *Alfred Reed*

I Intrata

II Siciliana

III Scherzo

IV Gigue

Ross Roy *Jacob de Haan*

Let's make music *Jan Ceulemans*

XII

Festival de Bandas

ribadeo 2006

29 de xullo

20:30 h.


Praza da Música

Intervirán:

Banda de Música de Sarria

Banda da Sociedade Musical de Pevidém

Banda de Música Municipal de Ribadeo



Banda de Música de Sarria

En 1870 creouse a Banda de Farbán (parroquia próxima a vila de Sarria) contando soamente con nove compoñentes. Anos mais tarde con José Barrido de Paradela como director, a Banda obtén varios éxitos, entre eles o 1º premio de Certámenes Bandísticos da provincia de Lugo.

Despois de pasar por varios nomes, como Banda de Mendrós (Vilar de Sarria) ou Unión Musical Sarriana, xorde unha organización de apoio e unha escola de educandos, da que hoxe a escola toma o seu nome.

Sucedéronse na batuta Andrés Piquero Cabrero, Indalecio Fernández Grova, Enrique García Rey, David Iglesias Domínguez e Manuel Gato Soengas. En outubro de 1993, toma a dirección da banda e da Escola de Música Xosé Antón González Rodríguez. Coa inscrición da Escola no rexistro da Xunta de Galicia no 1998, o concello faise cargo da xestión da Escola e da Banda de Música, pasando esta a denominarse Banda MUNICIPAL DE SARRIA. Na actualidade o persoal está formado por corenta e sete atriles, existindo unha boa canteira de músicos noveles, os que inician e instruen sete mestres nas distintas modalidades.

Entre as actuacións musicais mais importantes, destacarían as aparicións nos distintos programas tanto a nivel local coma na CRTVG, T.V.E., a participación en Certámenes e concursos de Bandas, e tamén concertos no Abril de 1989 en L'le Saint Denis (Francia) co motivo do 40 aniversario da "Casa de Galicia".

En Agosto de 2001, a Banda grava o seu 1º CD. Tamén no 2005 forman parte da gravación do CD Bandas do Camiño.

Xosé Antón González Rodríguez

Nado en Sarria no 1972. Comenza os seus estudos musicais da man do mestre Enrique García Rey, na Escola Municipal de Sarria e seguidamente nos Conservatorios de Lugo e Lalín, con mestres como Delfín Álvarez e José Orentino Sueiro, con quen acadou a Titulación de Mestre na especialidade de Trompeta. Amplia os seus estudos asistindo a clases máxistras con D. Benjamin Moreno, trompeta solista da O.R.T.V.E.

Por outra banda tamén realiza cursos de dirección, cos mestres Henry Adams e Marcel Van Bree, con quen continua a súa formación.

Na actualidade forma parte do claustro de mestres nas Escolas Municipais de Sarria, Mondoñedo e do conservatorio "Cantiga" de Sarria. Así mesmo dirixe a Banda Municipal de Sarria e a Banda de Mondoñedo.

PROGRAMA

Carmina Burana *Carl Orff*
Caballeros de Santiago *J. L. Represas*

Banda da Sociedade Musical de Pevidém

Foi fundada en outubro de 1894 na rexión de Pevidém por Manuel Martins Coelho que ao fronte de 16 músicos fundadores e con escasos medios e múltiples atrancos mais con moita dedicación e esforzo, son capaces de seguir adiante para ser hoxe unha prestigiosa banda no medio artístico.

Ao longo dos anos, a Banda vai entusiasmando cada vez a mais xente e comeza a ter a colaboración de mestres coma Capitao Romano, Ribeiro Dantas e outros.

En 1929 toma o relevo de seu pai como director, Albano Martins Coelho Lima e logo é dirixida por Arnaldo Ferreira do Vale, Antonio Ribeiro de Castro, Joaquín Martins Coelho Lima, Francisco Ribeiro, etc.

Co gallo do 80 cabodano, edita un disco que brindan os seus socios e amigos.

A Sociedade Musical de Pevidém, ten sede propia con auditorio para 200 persoas, arquiteo musical e gabinete de apoio os músicos. Foi distinguida pola Cámara Municipal de Guimaraes con medalla de ouro ao mérito asociativo.

No ano 2001 e ata o momento pasa a ser dirixida polo mestre Maciel Matos.

Maciel Matos

Nace en Caldas de Taipas (Guimaraes) en 1962 iniciando estudos musicais os 10 anos da man de seu pai e seu irmán.

Estudou na escola do Conservatorio de Música Calouste Gulbenkin de Braga acadando o título de trompeta. Con 18 anos ingresa na banda Sinfónica da Guarda Nacional Republicana de Lisboa sendo alumno de Joaquín Teixeira e de José Augusto Carneiro no conservatorio Nacional.

Segue a estudar en Francia e participa en masters con prestixiosos profesores.

Actuo como solista nos Teatros Nacionais do S. Carlos, Teatro S. Luis, Teatro da Trindade, etc. Foi convidado polas orquestras da R.D.P. de Lisboa, Porto, Nova Filarmonía entre outras.

Na área da música de cámara, fundou o grupo de metais Seixas, co que ofreceu numerosos concertos ademais actuo como instrumentista en Madeira, Azores, Francia, Holanda, Belxica, Luxemburgo, España.

Na actualidade, é profesor de trompeta e dirixe a Banda de Música de Pevidém.

PROGRAMA

Antonio Nogueira *Ilídio Costa*
Quo Vadis *A. Scassola*
Uvas do Douro *Duarte Pestana*

Banda de Música Municipal de Ribadeo

A Banda de Música de Ribadeo, promovida pola asociación "Amadores da Música" (hoxe en convenio permanente co Concello, polo que leva tamén o nome de Municipal), fixo a súa presentación pública en concerto, o 25 de Xaneiro de 1992 perante mais de un milleiro de persoas que abarrotaron o Templo Parroquial.

Da man do mestre D. Hernán Naval Parapar e ata o seu pasamento, ten tocado nas principais cidades da Galicia (nos teatros Colón e Rosalía de Castro de A Coruña, na Praza da Quintana de Santiago, no Círculo das Artes de Lugo, na Concatedral de Ferrol, etc.), e no exterior ten tocado en Madrid (La Vaguada, Hotel Foxá e Praza Mayor), Barcelona (Provençals e Praza Real), Murcia, Oviedo (representando a Galiza no Festival Estatal de Bandas celebrado no Teatro Campoamor), Aranjuez (Auditorio Isabel de Farnesio) e tamén ten actuado en Portugal (Loures, Lisboa e Tomar). Tamen ten actuado en varias ocasións e feito gravacións para RTVG e na TVE.

Foi dirixida fugazmente por Marcel van Bree (co que rematou a gravación do 2º CD) e Mariano Rivas, logo durante dous anos tomou a batuta José Luis Álvarez Braña e Bernardo Méndez. Dende outubro de 2004, esta a ser dirixida por Lourenzo Cruz.

A Banda de Música Municipal de Ribadeo, realiza anualmente unha programación estable de concertos en Ribadeo, incluíndo programas monográficos (música de cine, música relixiosa, etc.) e outros como o de Nadal "Aquí como en Viena", forman parte dos eventos culturais tradicionais da localidade. Do mesmo xeito organiza anualmente un Festival de Bandas que alcanza xa a súa XII edición.